



ERASMUS PROFESORADO

O programa Erasmus+ contempla para o profesorado a posibilidade de facer estadias de prácticas, períodos de observación (jobshadowing) ou períodos de docencia en empresas ou en outros centros. O profesorado non pode pedir directamente estas actividades senon que ten que facelo a través do noso instituto. Temos que analizar que necesidades de formación temos e a partir de aí teño que facer a solicitude das actividades.

1. PROCESO DE SELECCIÓN

O centro, a través dunha comisión, ten que decidir que actividades son máis interesantes e darlles unha puntuación según uns criterios claros que temos que fixar. O profesorado interesado propón unha actividade dentro duns prazos que hai que marcar oficialmente e que teñen que ser publicados. A comisión ten que levantar acta da selección e publicala.

So poderán presentar solicitude a este programa Erasmus+ o profesorado que imparta docencia nos ciclos superiores das nosas familias profesionais.

A proposta para a puntuación das actividades é:

1º. Proxecto no que se explique cal é a actividade e que repercusións positivas ten para o centro (Erasmus ten un documento oficial) (40%)

2º. Nivel de competencia na lingua na que se vai facer a actividade. (40%)

3º. Nivel de competencia en outras linguas. (20%)

Nota: a actividade debería facerse preferentemente en períodos non lectivos para que non afecte ao centro. Non envían substitutos.

2. PROXECTO

Erasmus ten un documento oficial que se chama “Mobility Agreement”. É un acordo de aprendizaxe que teñen que firmar as tres partes implicadas: o profesor, o instituto e a institución onde se vai levar a cabo a actividade. O acordo ten que cubrir unha serie de puntos:



-Obxetivos

-Actividades detalladas

-Resultados esperados e impacto para a formación do profesor e para o centro

-Valor engadido. Como vai axudar a actividade a modernización e a internacionalización do noso centro

O profesorado é que sen encarga de organizar cada actividade: buscar un centro de acollida, decidir as tarefas, facer o presuposto, preparar a viaxe e a estadía. Despois de facer a actividade terá que cubrir un informe para Erasmus+ nunha páxina oficial no que explicará como se desenvolveu todo o acordado. Erasmus valora mais as actividades de formación directamente relacionadas coas tecnoloxías da comunicación e información e co plurilingüismo. Ademais valora aquelas actividades directamente relacionadas coa disciplina, área, ciclo ou especialidade que imparta a persoa solicitante e que sexa directamente trasladable á práctica docente ou teña interese para as necesidades do centro educativo.

3. BECA

A beca cubre a viaxe e os gastos diarios durante os primeiros 14 días e despois a aportación vai baixando proporcionalmente ata 2 meses máximo. As taboas están publicadas na páxina web de Erasmus, A cuantía da beca depende do país de destino. De non facer o informe final o de non facer o que aparece no acordo poderían exixirnos a devolución do importe total da beca.

Podedes atopar toda a información na páxina oficial do SEPIE que é o organismo que xestiona o programa Erasmus+.

<http://sepie.es/educacion-superior/index.html>